

# VIAXAMOS A SALOU

Sáímos de Cariño do Instituto ás 10 da noite, pasámola noite no bus. Ás 3 da mañá paramos en León nunha estación de autobuses para cambiar de condutor. Tomamos rumbo hacia Logroño onde alí paramos a almorzar sobre as 7 da mañá.

Despois chegamos a Zaragoza sobre as 10 para ver o Pilar e algún que outro monumento. Detrás da catedral do Pilar encontrábase unha plaza onde alí aproveitamos para sacar algunhas fotos. Logo fomos hacia Salou a estacionarnos no hotel, comemos e desfixemos as maletas, algúns quedaron con ela sen desfacer ata que volvemos a Cariño.

Tivemos toda a tarde libre, para facer o que quixeramos, algúns aproveitaron para comprar, xa, os agasallos para os familiares e outros foron á praia e á piscina. Despois de cear saímos, fomos a unha discoteca, onde alí... pasámolo moi ben, quedámonos ata as 3 da mañá.

Ao día seguinte, o xoves, levantámonos ás 8 para ir ao parque Port Aventura. Alí, resumindo, pasámolo de... eso, pasámolo día alí nas atraccións, Dragon Kang, A Estampida, etc... Tamén nos rimos moito cos personaxes de debuxos, como Shrek, Olivia, a moza de Popeye, o Paxaro Loco, etc...



Despois ao chegar ao hotel, duchámonos, ceamos e arreglámonos para saír outra vez pola noite. Fomos á mesma discoteca xa que non pagabamos entrada por ser unha excursión dun instituto, alí había go go's e os camareiros ían sen camiseta, gegegegeg!!! Fomos a esa discoteca todos os días, como para non ir!!!

O Venres fomos a Costa Caribe (parque acuático de Port Aventura). Alí levamos unha gran decepción, porque as atracción que estaban no exterior estaban todas pechadas por que non era temporada de apertura. Entón puxémonos ao sol nas hamacas todo o día, cando nos demos conta, algunha xa estaba malva do sol ou máis ben azul, porque xa non podía poñerse doutra cor. (Estefa)

Ese día pola noite, algúns saíron como os demais días pola noite e as que estabamos queimadas, como non tiñamos ánimos de saír, entón xuntámonos todas nunha habitación e alí botámonos unhas gargalladas!!! jajajaja...

O Sábado, como que nos fixeron madrugar un pouquiíiiiiiiiiiiiiiiiiñoooooooo... Para ir a Barcelona. Alí vimos a Sagrada Familia, o Parque Güell, todo isto construído por Gaudí. E despois fomos ao Parque de Monjuit. (Todo isto visto cun guía).

Comemos nun campo, onde alí nos atacaron as pombas por tirar unhas migallas de pan. Despois de comer fomos ao cine IMAX, onde alí había unha pantalla 3D. A película que "vimos", máis ben, o documental que "vimos" trataba de Australia, pero non vos podo dicir de que trataba, e non son a única, porque...ZZzzZZzz...ZZzzzzZZz... (quedámonos durmidos).

Trala película visitamos o Ácuario e despois tivemos toda a tarde libre en Barcelona. Paseamos por unha zona onde había tendas como as do mundo celta.

Chegamos ao hotel, algúns foron ao yacuzzi, algúns foron chatear aos ordenadores, ceamos e saímos pola noite ata as 4.30, ese día non durmimos ata as 6 e incluso algúns nin sequera durmiron. Durmimos no bus, e paramos nas mesmas áreas de servizo nas que paráramos anteriormente, ata chegar a Cariño, onde alí nos esperaban os nosos pais en cada unha das paradas nas que ía baixando a xente.

Pasámolo moi ben !!!

Antes de que se me olvide!!!

Grazas a Antonio (filosofía) e Xose (Naturais) por portarse con nosoutros na excursión, porque nos deixaron todos os días ao noso aire!!! E a toda a xente que organizou a excursión!!!



Carolina Ramonde Soto